

PREGUNTA DE AER SOBRE A VARIOS ASUNTOS (Rex. Entrada 23.01.2018, 2018-E-RPLN-2).

PLENO 25 XANEIRO 2018. ACTA 01/2018

1. Sobre a dotación de accesos á finca da Xinaria. *Tras revisar o documento de Urbanización do Proxecto Público Educativo Cidadelle cun orzamento base de licitación de 865.312,53 € comprobamos abraiados, tal como se pode observar na súa páxina 226, que as calzadas e accesos deseñados son unicamente os inmediatos e máis próximos á finca da Xinaria , a uns 200 metros do cruce coa estrada nacional, conectando cos viais actuais e empregando estes tal como se atopan na actualidade (con escaso ancho e sen beirarrúas) para dar acceso ás futuras instalacións educativas dende a Avenida de Redondela. Consideramos pois que este proxecto non abarca por completo as necesidades reais dos accesos á finca da Xinaria, e evidenciamos que a falla de transparencia do equipo do goberno á cidadanía fixo entender á veciñanza de Chapela que esta obra de humanización implicaba tamén unha mellora das conexións da finca da Xinaria coa Avenida de Redondela. Así pois, PREGUNTAMOS:*

Poderían aproveitar o presente pleno para informar á veciñanza de Redondela cal é a pretensión do goberno local de cara a dar unha accesibilidade óptima á futura urbanización educativa da Xinaria dende a Avenida de Redondela, porque non se incluía esta actuación no presente proxecto e cando tiñan intención de informar aos veciños e veciñas de Chapela?

Resposta Alcalde: hai varias cuestións relacionadas con este proxecto. Andabamos co tema da urxencia para facer o traslado do colexio canto antes. Os esforzos centráronse no Colexio (Fomento e Audasa) e urbanización (Concello). As adxudicacións van ir en paralelo. Existe outro proxecto "Acondicionamento e mellora do camiño subida a Maceira-Redondela". Estase facendo unha modificación puntual do planeamento para acoller unha gardería na Ginaria.